

NOTA INFORMATIVA

En relación coas listas provisionais de persoas admitidas e excluídas, e unha vez feitas as consultas as aplicacións informáticas para a verificación das circunstancias alegadas pola persoas aspirantes na súa solicitude, infórmase sobre a posibilidade de emenda das causas seguintes:

Cód	Causa Exclusión	Formas de emendar
63	Non presenta e non autoriza a consulta da condición de familia numerosa xeral	-----
64	Non presenta e non autoriza a consulta da condición de familia numerosa especial	-----
65	Non presenta e non autoriza a consulta da condición de discapacidade	-----
66	Non presenta e non autoriza a consulta da condición de demandante de emprego 6 meses antes convocatoria	-----
67	Non presenta e non autoriza a consulta da condición de non percibir prestación ou subsidio por desemprego	-----
83	Non cumpre a condición de familia numerosa xeral	1ª ou 2ª
84	Non cumpre a condición de familia numerosa especial	1ª ou 2ª
85	Non cumpre a condición de discapacidade	1ª ou 2ª
86	Non cumpre a condición de demandante de emprego 6 meses antes convocatoria	1ª ou 2ª
87	Non cumpre a condición de non percibir prestación ou subsidio por desemprego	1ª ou 2ª

Todas as solicitudes que o autorizaron foron consultadas nas aplicacións informáticas desta Dirección Xeral de Función Pública, e non se poden volver a consultar, polo que as persoas aspirantes que podan emendar a súa solicitude **deberán remitir** a documentación acreditativa que se indica a continuación á **Dirección Xeral de Función Pública – Servizo de Selección**.

Formas de emendar:

1ª) Achegar copia da solicitude e a documentación xustificativa da exención solicitada:

- Certificado de discapacidade.

- Certificado de familia numerosa de carácter xeral ou especial ou carné familiar en que conste o dito carácter.

- Certificación expedida pola oficina de emprego na que conste que a persoa aspirante figura como demandante de emprego desde polo menos seis meses anteriores á data de publicación desta convocatoria no DOG.

- Certificación do Servizo Público de Emprego Estatal na que conste que na data de presentación da solicitude de participación no proceso selectivo non está a percibir a prestación ou o subsidio por desemprego.

2ª) No caso de non poder acreditar a documentación xustificativa da exención solicitada poderá subsanar ingresando a parte que falta para o importe total da taxa, achegando copia da solicitude e a documentación xustificativa do pagamento co **modelo 730** (xustificante de pago de taxas, prezos, multas e sancións da Comunidade Autónoma de Galicia) subministrado pola Axencia Tributaria de Galicia. A que poderá acceder a través do seguinte enlace: <http://www.atriga.gal/es/tributos-da-comunidade-autonoma/taxas-e-prezos/confeccion-on-line-impresos>

Importes totais das taxas (só terá que ingresar a parte que falta para o importe total da taxa):

Subgrupo A1 = 44,17 €
Subgrupo A2 = 38,02 €
Subgrupo C1 = 33,13 €
Subgrupo C2 = 26,99 €
AP Subalterno = 22,08 €

Códigos para o pagamento da taxa:

Código	Datos
05	Consellería de: Facenda e Administración Pública
13	Delegación de: Servizos Centrais
007	Servizo de: Función Pública
300302	Taxa: Inscripción nas oposicións para a selección de persoal da Comunidade Autónoma

Santiago de Compostela, 2022

MODELO INSTANCIA REMISIÓN DOCUMENTOS

Don/Dona _____, con
DNI/NIE número _____, e con domicilio a efectos de notificación
en _____
no concello de _____ achega a documentación acreditativa para
a subsanación da exclusión nas listas provisionais, a información relativa á condición de:

- | | |
|--------------------------|--|
| ☐ | Familia numerosa |
| ☐ | Persoa demandante de emprego |
| ☐ | Persoa con discapacidade |
| ☐ | Non figuro nas listas de persoas admitidas nin excluídas |
| ☐ | Documentación xustificativa do pagamento |

alegada na instancia presentada (achégase copia) para a súa participación no proceso selectivo

_____.

_____, _____ de _____ de 2022

(Sinatura)

DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA
Servizo de Selección
Consellería de Facenda
Edificio administrativo, s/n
15781 Santiago de Compostela